

**ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 10 DE XULLO DE 2012.**

En Bergondo, a 10 de xullo de 2012 sendo as 17 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, no Pazo de Mariñán (Concello de Bergondo).

**Asistentes:**

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Val de Aranga).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. José Angel Rey Arceo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo).
- D. Xoan Alvarez Llana en representación da *Mesa do sector institucional* (Fundación para o avance científico da veterinaria en Galicia)
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia –CEIDA-)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.

- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

-----

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior.

## **2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.**

### **2.1. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

#### **2.1.1. Ampliación residencia terceira idade en Bribes (Cambre) L12-41300-29-194.**

Con data 11 de maio de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto de “Ampliación residencia terceira idade en Bribes (Cambre)”.

A entidade promotora é a sociedade “Centro terceira idade Residencia Bribes S.L.U.” situada en Bribes (Cambre). Este proxecto produtivo consiste en ampliar a residencia da terceira idade en 16 novas prazas (na actualidade conta con 24 prazas) e na instalación dunha lavandería para uso exclusivo do establecemento.

Con este proxecto a entidade promotora adquire o compromiso de creación de dos empregos. Investimentos do proxecto: obra civil, mobiliario, lavandería, licencias e proxecto.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II “Creación, ampliación e modernización de PEMES”.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 363.760.- € (309.077,83.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 73,66 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (139.085,02.-€) sobre un orzamento elixible de 309.077,83 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.2. Transformación e manipulación de produtos avícolas L12-41100-29-196.**

Con data 21 de maio de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “Transformación e manipulación de produtos avícolas”.

A entidade promotora é a sociedade “Distribuciones Calvo Ramos e Hijas S.L.”, situada na parroquia de Almeiras do Concello de Culleredo e que na actualidade adícase á actividade de produción avícola

Este proxecto produtivo vai incrementar o valor engadido dos produtos avícolas xa que consiste na dotación do equipamento necesario para realizar a transformación e manipulación dos produtos avícolas no lugar da produción e deste xeito ampliar e diversificar o produto.

Con este proxecto a entidade promotora non adquire o compromiso de creación de emprego, aínda que a ampliación vai dar lugar á consolidación do emprego actual. Investimentos do proxecto: cámara frigorífica, máquina envolvedora, termoselladora, programa informático e equipos, etiquetador, cortador, escaner, trazabilidade e deseño tenda virtual

Ten cabida na medida 411.-Dinamización do sector agrario e forestal, do Réxime de Axudas, no apartado 3 “ Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais”

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 306.957.- € (244.209,26.-€ sen IVE).O proxecto acadaría unha puntuación de 48 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 34% (83.031,15.-€) sobre un orzamento elixible de 244.209,26 .-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

### **2.1.3. Creación restaurante de produtos do territorio e actividades complementarias L11-41300-29-0198.**

Con data 26 de xuño de 2012 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos solicitude de axuda para o proxecto “Creación restaurante de produtos do territorio e actividades complementarias”, a beira do Camiño Inglés.

O promotor é Alfredo Erias Martínez e o proxecto vaise ubicar no Concello de Abegondo.

Este proxecto produtivo consiste na creación dun restaurante onde vaise utilizar practicamente na súa totalidade os produtos do territorio Mariñas-Betanzos (pan de Abegondo-Carral, queixo de Abegondo; produtos hortícolas do territorio, mexillóns de Lorbé, viño de Betanzos...).

Ademais con este proxecto vaise potenciar o patrimonio cultural do lugar, adicando parte do local como zona de exposicións. Así mesmo, nunha finca anexa proxectarase un “Bosque Medieval”, funcionando o Conxunto como Centro de Interpretación do Medievo.

Con este proxecto adquirese o compromiso de creación dun emprego. Investimentos do proxecto: obra civil, equipamento do restaurante, honorarios proxecto e dirección de obra, adecuación do camiño e plantación de árbores.

Ten cabida na medida 413 do Réxime de Axudas, no apartado II “Creación, ampliación e modernización de PEMES”

Os investimentos desta iniciativa ascenden 103.600,03.- € (87.796,64.-€ sen IVE). O proxecto acadaría unha puntuación de 79,83 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 45% (39.508,49.-€) sobre un orzamento elixible de 87.796,64.-€.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

A representante da Asociación Roxín Roxal, solicita explicacións ao respecto deste expediente, e o posible Centro de Interpretación do Medievo, resaltando o importante patrimonio que existe en Galicia sen poñer en valor.

## **2.2. SOLICITUDE DE PRÓRROGA PROXECTOS PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

Tendo en conta que os seguintes proxectos teñen que estar rematados nas datas que se sinalan e previndo que as entidades promotoras poden non dispoñer de toda a documentación necesaria na xustificación final e polo tanto poden ter necesidade de contar cunha prórroga ata a data límite do 30 de setembro do 2012, solicítase á Xunta Directiva autorización para a concesión da prórroga no caso de que se dea esta situación.

Proxectos con data de remate anterior ao 30 de setembro de 2012:

- 1. Creación empresa xestión integral de turismo e servizos de ocio L09-41300-29-0004.**  
Data de presentación da xustificación final: 28/08/2012
- 2. Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza galiña piñeira L09-411-29-24.**  
Data de presentación da xustificación final: 31/07/2012
- 3. Proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo L10-41300-29-0029.**  
Data de presentación da xustificación final: 31/08/2012

#### **4. Modernización fábrica de madeiras L10-41300-29-0037.**

Data de presentación da xustificación final: 31/07/2012

A Xunta Directiva autoriza as prórrogas ata o 30 de setembro de 2012, nos proxectos anteriormente mencionados, no caso de que non teñan toda a documentación necesaria para a xustificación final do expediente.

### **2.3. INFORME PROXECTOS DENEGADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER**

#### **2.3.1 Dinamización empresarial e social do sector agrario familiar na produción, comercialización e desenvolvemento sostible de alimentos agrarios e a pequena escala. (L11-41300-29-0134).**

Con data 24 de outubro de 2011, M<sup>a</sup> Herminda Villamizar solicita axuda para o proxecto “L11-41300-29-0134 Dinamización empresarial e social do sector agrario familiar na produción, comercialización e desenvolvemento sostible de alimentos agrarios a pequena escala (Vixoi-Bergondo)”.

O proxecto consiste na implementación dun proxecto específico de carácter non produtivo cun plan de xestión que incida na dinamización e diversificación económica do medio rural, na mellora da calidade de vida e do medio ambiente e na modernización das explotacións agrarias a pequena escala.

Os investimentos deste proxecto consisten: actividades de dinamización social e comercial de produtores artesanais do territorio Mariñas-Betanzos; edición e difusión de materiais sobre a diversidade e a agricultura sostible; implementación efectiva dunha metodoloxía participativa e modelo de imaxe de agricultura sostible no territorio Mariñas-Betanzos.

Con data 15 de xuño de 2012 recíbese de Agader o Informe de Control de Elixibilidade desfavorable polos seguintes motivos:

As actuacións descritas no proxecto non están ligadas a ningún activo fixo nin a ningún investimento material e non están incluídos como subvencionables no apartado III do Réxime de Axudas. Por outra banda, a promotora, ao ser unha persoa física, non podería solicitar a axuda a non ser que o fixera en nome e representación dunha Asociación ou algunha Organización. Sería financiable soamente a metodoloxía participativa e modelo de imaxe de marca, sempre e cando o promotor fora unha Asociación de Produtores e as actuacións estiveran ligadas a un investimento material fixo.

A Xunta Directiva acorda denegar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

### **2.3.2. Recuperación ecosistemas fluviais bacía hidrográfica do encoro de Abegondo (L11-41200-29-0088).**

Con data 03 de marzo de 2011, o Concello de Abegondo solicita axuda para o proxecto “L11-412-29-88 Restauración ecosistemas fluviais da Bacía Hidrográfica do Encoro de Abegondo”.

Con data 01 de xullo de 2011, o Concello de Abegondo presenta a desistencia da axuda do proxecto anterior

Con data 06 de xullo de 2011 o equipo xestor da Asociación emite Informe de Control de Elixibilidade Desfavorable en base a desistencia da axuda presentada.

A Xunta Directiva acorda denegar este proxecto, enviando esta resolución a AGADER.

### **2.4. INFORME PROXECTOS EN SITUACIÓN DE PECHE NA FASE DE EXECUCIÓN.**

#### **2.4.1. ZONA RECREATIVA E DE OCIO NATURAL, EN MARTINETE-BETANZOS (L09-41300-29-0013).**

Con data 22 de marzo de 2010, Agader emitiu a resolución de concesión da axuda do expediente “L29-41300-29-0013 ZONA RECREATIVA E DE OCIO NATURAL, EN MARTINETE-BETANZOS”.

Este proxecto consistía na creación dun centro recreativo e de ocio, respetuoso co medio ambiente, nun entorno rural, capaz de xerar un turismo activo, no Concello de Betanzos.

A entidade promotora do proxecto é propietaria de 30.000.-m<sup>2</sup>, no lugar de Martinete (Concello de Betanzos). Este centro recreativo contaría cun espacio para a observación das aves, parque infantil, praia fluvial, aula de natureza, granxa e horto ecolóxico. Ademais das actuacións anteriores, ibanse a adecuar camiños, servidumes de paso, mellorar pistas e cercados, rehabilitar pontes, reconstruír o hórreo, restaurar muros de mampostería e cobertizos.

Con data 11 de outubro de 2010 envíase a Agader a solicitude do anticipo solicitado pola entidade promotora e que ascende a 40.000.-€. O día 19 de novembro de 2010, Agader emite a resolución de concesión do anticipo.

Con data 29/09/2010, a entidade Arco da Vella S.R.L. xustifica investimentos que deron lugar ao cobro dunha axuda que ascende a 59.528,06.-€

Respecto á anualidade 2011, a entidade promotora presentou investimentos por importe de 16.949,15.-€ que non foron suficientes para cubrir o anticipo concedido na anualidade 2010 e poder cobrar a anualidade 2011, polo que se teñen perdido 25.929,57.-€ do Programa Leader.

O prazo de execución e xustificación do proxecto é de 18 meses dende o día seguinte da recepción da modificación da resolución de concesión da axuda (data aproximada 03/11/2010), polo que a xustificación final do proxecto tería que presentarse antes do 03 de maio 2012.

Unha vez finalizado o prazo de xustificación da certificación final e non tendo recibido a documentación dos investimentos realizados, nin unha solicitude de prórroga na execución do proxecto, e non tendo presentado a renuncia á subvención concedida por non poder executar o proxecto, a Asociación Mariñas-Betanzos entende que a entidade non pode executar o proxecto.

Ademais, o equipo xestor periodicamente intentou poñerse en contacto co representante e colaboradores da entidade vía telefónica e correo electrónico, sen obter resposta.

Con data 18 de xuño de 2012 comunícase a entidade promotora por carta certificada con acuse de recibo, a situación actual do expediente.

A Xunta Directiva acorda que dende a Asociación Mariñas-Betanzos, comuníquese a situación actual do expediente a Agader, para que proceda ó inicio do procedemento de reintegro respecto das cantidades percibidas ata ese momento en concepto de subvención, liberando os fondos non executados.

#### **2.4.2.CREACIÓN DUN ESTUDO FOTOGRÁFICO NO CONCELLO DE COIRÓS (L10-41300-29-0042).**

Con data 27 de xuño de 2011, a promotora do proxecto “L10-41300-29-0042 Creación dun estudo fotográfico no Concello de Coirós” solicita o pagamento da subvención (nestes intres todavía non cobrou a axuda solicitada).

Con data 19 de xuño de 2012 a promotora renuncia á axuda concedida.

A xunta Directiva acorda que dende a Asociación Mariñas-Betanzos, se proceda a remitir a renuncia a Agader para que proceda ao arquivo do expediente.

#### **2.4.3.INCORPORACIÓN DE NOVAS PRODUCCIÓN DE ARÁNDANOS NO TERRITORIO MARIÑAS-BETANZOS (L12-41100-29-0180)**

Con data 03 de abril de 2012, a entidade promotora “GALICIANBERRIES S.L.” solicita axuda para o proxecto “L12-41100-29-0180 Incorporación de novas producións de arándanos no territorio Mariñas-Betanzos”.

Con data 05 de maio de 2012 a entidade promotora presenta no rexistro da Asociación Mariñas-Betanzos a desistencia da axuda solicitada, pois ten atopado unha finca de 50 has na Comarca de Ortegal.

A Xunta Directiva autoriza o peche do expediente e que sexa comunicado á Dirección Xeral de Agader.

### **3. SEGUIMIENTO CANDIDATURA RESERVA DA BIOSFERA**

Infórmase aos asistentes que o día 18 de xuño de 2012, tense enviado en formato dixital dende o GDR “Mariñas – Betanzos” a Candidatura á Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” ao Comité Español do Programa MaB para a súa valoración. Despois da súa revisión, nos teñen felicitado, e solicitado que se envíen en papel oficialmente.

Queda pendente o inicio da exposición itinerante, que está previsto para a primeira quincena de xullo e a realización de dúas xornadas de traballo (unha sobre Custodia e R.S.C.)

Esta Candidatura pode descargarse para a súa visualización no seguinte enlace:

<http://www.biosferamarinasmandeo.com/>

[https://www.dropbox.com/s/izq8oy86dp2juj7/mab\\_mari%c3%91as\\_mandeo.zip](https://www.dropbox.com/s/izq8oy86dp2juj7/mab_mari%c3%91as_mandeo.zip)

### **4. OUTRAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS**

#### **4.1. INFORME DE PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO DE MARIÑAS – BETANZOS.**

As accións ofertadas ao voluntariado desde “Mariñas – Betanzos” neste 2012 están estruturadas en 5 liñas:

1. Plan de desenvolvemento do sector agroalimentario (2007-2013).
2. Candidatura a Reserva da Biosfera do territorio.
3. Incorporación das novas tecnoloxías ás empresas do sector.
4. Fomento enerxías renovables e aforro enerxético.
5. Conservación do patrimonio natural

Ao respecto do Programa de Voluntariado, informar que no “punto de encontro” da páxina web do voluntariado galego (<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php>) está inscrita a Asociación “Mariñas – Betanzos”.

Tamén na páxina web da Asociación ([www.marinabetanzos.com](http://www.marinabetanzos.com)) hai un formulario de inscrición para participar como persoal voluntario na Asociación.

A primeiros do mes de xuño, téñense asinado os acordos de colaboración entre o GDR Mariñas – Betanzos e as seguintes persoas, para participar como voluntarias no GDR Mariñas – Betanzos neste ano 2012:

- Andrés Rodríguez Pereira. (A Coruña)
- Iago Arana Ameijenda (A Coruña)
- María Mosteiro Lamas (Bergondo)



## **4.2. SUBVENCIONS PARA A POSTA EN PRÁCTICA EN GALICIA DE PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO DURANTE OS ANOS 2012 E 2013.**

Informar ao respecto do Programa Agro-emprega, desenvolvido 2011-2012, o Presidente comunica aos asistentes que foi felicitado pola Directora Xeral, como o mellor Programa Integrado de Emprego da convocatoria do ano anterior.

O día 8 de xuño de 2012 ten saído publicado no DOG (núm. 109) a Orde do 5 de xuño da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2012 e 2013.

As subvencións reguladas na presente orde terán por obxecto o financiamento de programas dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de plans integrais que combinen accións de diversa natureza, tales como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral, prospección de empresas e intermediación laboral, e mobilidade xeográfica.

As liñas básicas obxecto deste proxecto serían:

- Formación para a agricultura ecolóxica
- Formación para transformación agroalimentaria.
- Obradoiro para aprender a “emprender”.

O Programa “**RURAL-EMPREGA**” concíbese como un plan integral para a creación de emprego ou inserción laboral que combina distintas fronteiras ou itinerarios de traballo con diversas actuacións. Así, propónse unha estrutura articulada entorno ás actividades no medio rural (agricultura, medio ambiente, turismo,...), con actuacións teóricas, prácticas e de inserción laboral complementarias entre si e asentadas fundamentalmente sobre os seguintes eixes de traballo:

- **Eixe I:** FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN PRODUCCIÓN HORTÍCOLA ECOLÓXICA.
- **Eixe II:** FORMACIÓN E INTEGRACIÓN LABORAL EN AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS.
- **Eixe III:** OBRADOIRO “APRENDER A EMPRENDER”: *COWORKING* E INICIATIVA EMPRENDEDORA.

O orzamento solicitado sería de 118.000 euros dos que subvencionarían un 88%.

Autorízase á Xunta Directiva para que o Equipo técnico, a Presidencia, Vicepresidencia e Tesoureira fagan os trámites oportunos a efectos de solicitar esta axuda.

### **4.3. SUBVENCIONS PROXECTOS DINAMIZADORES DAS AREAS RURAIS DE GALICIA PARA O PERIODO 2012-2013.**

O día 5 de xuño de 2012 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ten publicado no DOG (núm. 106) a Resolución do 11 de maio de 2012 pola que convocan para o período 2012-2013 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

As subvencións centraranse nas seguintes medidas do PDR:

3.1.3. Fomento de actividades turísticas.

3.2.1. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.

3.2.3. Conservación e mellora do patrimonio rural.

O prazo para presentar solicitudes remata o 20 de xullo de 2012.

Dende Mariñas – Betanzos proponse enviar unha solicitude de subvención, que se traballaría conxuntamente cos Grupos de Desenvolvemento Rural “Euroeume” e “Asdecomor” para promocionar e tematizar o Camiño Inglés como “paraugas” para o desenvolvemento de novos produtos turísticos: medieval, náutico e turismo de natureza, aproveitando a Candidatura de Reserva como Biosfera.

Este Camiño ten dous tramos:

#### **Tramo de Ferrol (116km.) :**

Transcorre por: Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Santuario de Nuestra Señora del Camino (onde se cruza co Camiño que ven de Oviedo), Betanzos, Abegondo e Bruma (Mesía) onde se une co tramo da Coruña para continuar ata Santiago.

#### **Tramo da Coruña (93km.) :**

Pasa polo Burgo, Cambre, unha variante, a outra por Alvedro (é a principal), municipio de Carral, Bruma (Mesía), Ordes, A Igrexa (Oroso), Sigüeiro e Santiago de Compostela.

As actuacións que se farían serían identificación dos recursos; elaboración páxina web e folletos para a súa promoción e creación dunha aplicación para teléfonos móbiles que consistiría nunha guía de recursos que se poden atopar no Camiño Inglés (nas dúas vertientes) nas que se incluírían entre outros, hoteis, casas rurais, restaurantes, empresas de servizos de ocio, concellos....

Ademais potenciaríase a idea de “entrada” dende Mariñas – Betanzos, no territorio dos Andrade, con actuacións no Bosque Medieval.

O proxecto está en elaboración, con orzamento por determinar.

A Xunta Directiva autoriza á Xunta Directiva para que o Equipo técnico, a Presidencia, Vicepresidencia e Tesoureira fagan os trámites oportunos a efectos de solicitar esta axuda.

#### **4.4. RESOLUCIÓN SUDOE “IN-GENTTE”**

##### **Infórmase aos membros da Xunta Directiva que a resolución deste proxecto foi desfavorable:**

Dende AGADER, teñen convidado ao GDR Mariñas - Betanzos a participar na TERCEIRA CONVOCATORIA SUDOE. SUDOE é un PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL que a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia o financiamento de proxectos transnacionais do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE).

O obxectivo principal deste proxecto é mellorar a gobernanza da terra e do territorio a nivel local mediante o emprego das tecnoloxías de información de información xeoespacial e de comunicación. Diseñar as ferramentas que permitan novos modelos de organización dos axentes e dos recursos vinculados á terra.

Estudiaranse medidas innovadoras para a dinaminación do aproveitamento produtivo do territorio/xestión territorial dende o punto de vista da gobernanza e da utilización de novas tecnoloxías.

Este proxecto permitiría seguir avanzado no traballo que estase a facer dende "Mariñas - Betanzos" no relacionado cos recursos agro-forestais, nas melloras da gobernanza da terra; usos tradicionais da terra e xestión dos montes.... (Proxecto Nuevos Horizontes; Proxecto Saxmel; Programa Agro-Emprega; Proxecto ASGAIA....).

Este proxecto tiña unha duración de dous anos (do 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2014), e para participar presentouse unha CARTA DE COMPROMISO, onde quedou reflectido participar no proxecto e levar a cabo as accións, así como aportar a cofinanciación necesaria.

#### **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **5.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

##### **5.1.1. Ampliación de empresa de servizos forestais en Tabeaio (Carral). L11-41100-29-0120.**

Con data 28 de setembro de 2011, o promotor Jose Felipe Patiño Muiño solicitou unha axuda para ampliar una empresa de servizos forestais en Tabeaio (Carral). O promotor do proxecto, José Felipe Patiño Muiño, é unha persoa física que conta cunha empresa con domicilio social en Tabeaio (Carral) e que se adica a tala de madeira con motoserras, para posteriormente vendala principalmente a serradoiros.

O proxecto consiste na ampliación da empresa coa adquisición dunha máquina procesadora que contribuiría a incrementar os servizos e a rendibilidade da empresa, xa que reduce o tempo de tala, ademais de mellorar as condicións de seguridade dos empregados. Na actualidade, o promotor non conta con esta máquina.

O promotor non adquire o compromiso de creación de emprego con este proxecto.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 125.000-€ (IVE incluído).

Esta iniciativa encaixa na medida 411-Dinamización do sector agrario e forestal. Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais

Con data 14 de maio de 2012, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 47 puntos, correspondéndolle un 33,5% de axuda do Programa Leader. A axuda ascende a 41.875.-€ .

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, autorizando a que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER

## **5.2. ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.**

O Presidente traslada que asistiu como representante da Asociación GDR’s de Galicia á reunión do Comité de seguimento do PDR o pasado 22 de xuño de 2012, aproveitando esta reunión para reivindicar a activación da Reserva de Eficacia, a activación dos fondos dos anos 2008 e 2009, así como o 10% do PDR destinado a LEADER no próximo período.

Tamén traslada que si conta coa confianza desta directiva, presentárase para seguir dous anos máis como Presidente da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.

A Xunta Directiva anima a presentarse e seguir coa súa “labor” como Presidente dos Grupos.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 18.00 horas, para dar paso a continuación a celebración da Asemblea Xeral co único punto da orde do día: “Presentación da Candidatura Reserva da Biosfera”.

En Bergondo, a 10 de xullo de 2012

A Secretaria

Asdo.: Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes